

OTEU ETI

[Hong Sang-soo, 2016]

244

ESTREA EN NUMAX: 13.06.2017 | V.O.S.E. | +7

Dangsinjasingwa dangsinui geot (2016, 86')

Dirección: Hong Sang-soo

Guión: Hong Sang-soo

Elenco: Kim Joo-hyuck, Lee You-young, Kwon Hae-hyo, Yu Jun-sang, Kim Eui-sung

Son: Kim Mir

Montaxe: Hahm Sungwon

Fotografía: Park Hong-yeol

Música: Dalpalan

Produtoras: Jeonwonsa Film Company (Corea do Sur)

Distribuidora: Good Films

Formato de proxección: DCP2K, 1.85:1

Idioma orixinal: Coreano

PREMIOS E FESTIVAIS

Donostia 2016 (mellor dirección),
Hamburgo 2016 (sección oficial),
Toronto 2016, Nova York 2016

FILMOGRAFÍA SELECCIONADA

Agora si, antes non, 2015
Hill of Freedom, 2014
En otro país, 2012
Noche y día, 2008
Mujer en la playa, 2006
La mujer es el futuro del hombre, 2004
La puerta del retorno, 2002

SINOPSE

O pintor Youngsoo entérase de que a súa noiva, Minjung, tomou unhas copas con outro home e rifou con el. Esa noite discuten e Minjung sae de casa, dicindo que non deberan verse durante algún tempo. Ao día seguinte, Youngsoo vai na súa busca, mais non consegue atopala. Mentres tanto, en Yeonnam, onde el vive, Minjung, ou unha muller que é idéntica a ela, ten citas con distintos homes.

«Unha ocorrente, brillante e moi intelixente reflexión sobre a identidade.»

Luis Martínez, EL MUNDO



“O amor é o único que importa nesta vida aparte da cervexa”

Entrevista con Hong Sang-soo
Por Nando Salvà

No seu filme, unha mesma actriz interpreta versións diferentes dunha personaxe. É un recurso para falar da estreita visión que os homes adoitan ter das mulleres? A crítica adoita darlle demasiadas voltas ao meu cinema. Pense vostede que desde o meu cuarto filme, e este é o meu décimo octavo, nin sequera escribo un guión. Todo o que sei do filme está escrito nun par de páxinas soltas, ou ás veces nun pano de papel. O meu temperamento impídeme rodar máis dun par de tomas para cada escena. Vou ao doado.

Por que en todos os seus filmes hai un personaxe que é cineasta? É o seu alter ego? E por que en todos os seus filmes se bebe tanto alcol? Os poucos amigos que teño dedícanse ao cinema e apenas coñezo a xente que non se emborrache. Eu mesmo non teño máis afeccións ca beber. Falo do que sei, punto. Xamais se me pasaría pola cabeza contar a historia, por exemplo, dun piloto de carreiras vegano e afeccionado á pesca. Non coñezo a ninguén que sexa así, e son demasiado torpe para inventalo.

No filme hai algo de realismo máxico. Diría que iso é unha novidade no seu cinema? Pode, mais non é intencionado.

Case nada no meu cinema o é, mais gústame expoñerme aos accidentes. Tampouco comparo os meus filmes entre si. Cada un deles é un reflexo de quen son eu no intre de facelo, unha instantánea de quen son en diferentes épocas da miña vida. Nese senso son un director brutalmente honesto.

En última instancia, todos os seus filmes falan do amor. Que papel xoga o sentimento amoroso na súa vida? O amor é o único que importa nesta vida aparte da cervexa. Se atopas a unha persoa á que podes amar e coa que podes compartir a túa vida, que no resto de facetas da túa vida sexas un desastre carece de gravidade.

Publicado en www.elperiodico.com/

* * *

Por Roger Koza

Mentres parolan un pouco de todo, Youngsoo cóntalle a un amigo que a súa nai está moi enferma. Tamén lle confesa que quere casar con Mingjung. A desaprobación do seu veciño é inmediata: pode ser unha muller fermosa pero bebe demasiado e é un pouco licenciada. Os rumores confirman a sospeita, non é a candidata máis conveniente. Esa noite, Yuongsoo e Mingjung discutirán e daranse un tempo.

Toda a obra de Hong cífrase por un lúdico retrato da (in)comunicación amorosa entre homes e mulleres dunha

determinada clase (media) e ligados ao cinema e á arte. En cada filme avánzase sobre este dilema a partir de variacións e repeticións que sempre parecen dar con algún achado. A novidade aquí pasa por establecer todo o xogo do desexo baixo un concepto ideal para o universo de Hong: o doppelgänger.

Dous homes de 45 anos, un deles cineasta, encontraranse con Mingjung nun bar. Ao vela sentada bebendo algo e lendo crerán coñecela de antes. A muller negarao e mesmo dirá que Mingjung é a súa irmá xemelga; esta afirmación, máis que confirmarse no relato, desestabiliza as referencias da propia personaxe: quizais sexa unha, ou dúas, ou varias; nin sequera o mesmo Youngsoo poderá sabelo máis tarde. É así como se introduce a idea do dobre ou os dobres.

Un dos filmes máis austeros de Hong. Poucas localizacións (dous bares, dous cuartos, unha rúa, unha ruela, unha praza), catro personaxes e escasas marcas formais. Os típicos encadres con zoom cara a diante ou atrás son realmente mínimos e non hai tampouco unha aposta narrativa aparentemente anovadora. Porén, unha mirada atenta poderá distinguir un fascinante uso da posta en abismo, que se aprecia facilmente en dous movementos da imaxinación de Youngsoo. A partir deste procedemento, a totalidade do filme pode redefinirse e mudar o sentido de todo o que sucede. A escena final formula ese interrogante: se se atende á cantidade de detalles e ao propio desenvolvemento da escena, outra vía interpretativa é posíbel.

Publicado en www.conlosojosabiertos.com/
Traducións: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Cofre Hong Sang-soo.
Intermedio [DVD]

Ahora sí, antes no, Hong Sang-soo.
Cameo [DVD]

Woman is the Future of the Man,
Hong Sang-soo. New Yorker Video [DVD]

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

